

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

*ANUNCIO DE LICITACIÓN DE CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS NÚMERO 11 E/OU 17 DA PRAZA DE ABASTOS DE XINZO DE LIMIA.*

Anuncio para a licitación de concesión demanial dos postos número 11 e/ou 17 da Praza de Abastos de Xinzo de Limia (destinados á exposición e venda de carnes e pescados)

Por medio do presente anuncio invítase aos interesados a presentar solicitudes para a concesión demanial dos postos número 11 e/ou 17 da Praza de Abastos de Xinzo de Limia (destinados á exposición e venda de carnes e pescados) consonte co establecido na Lei 33/2003, de patrimonio das administración públicas, indicando as condicións de licitación desta concesión demanial, segundo Decreto da Alcaldía de data 27/01/2025:

1. Entidade adxudicadora:

Concello de Xinzo de Limia, rúa Curros Enríquez, 15, teléfono 988 55 01 11, fax 988 55 91 12.

2. Obxecto do contrato:

Concesión demanial dos postos número 11 e/ou 17 da Praza de Abastos de Xinzo de Limia (destinados á exposición e venda de carnes e pescados)

3. Consulta dos pregos de cláusulas administrativas que rexerán a licitación: Plataforma de contratos do sector público; <https://contrataciondelestado.es>

4. Procedemento de licitación: Aberto a calquera empresario interesado, sendo o maior canon ofertado o único criterio de adxudicación.

5. Canon mínimo a aboar: 99,73 euros ao ano para os postos número 11 e 17 respectivamente.

6. Prazo de concesión: 10 anos

7. Garantías esixidas: Garantía definitiva (fianza) de 199,46 euros para os postos número 11 e 17 respectivamente.

8. Presentación de ofertas:

Presentaranse no prazo de 30 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, podendo ser presentadas no Rexistro do Concello de Xinzo de Limia ou restantes lugares de presentación establecidos nos pregos. No prazo de 30 días hábiles sinalado para a presentación de ofertas poden tamén realizarse alegacións a este expediente.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

**R. 183**

